



# asociación pola defensa da ría

## ¿É SEGURO AGASALLAR TELÉFONOS MÓBILES E APARELLOS SEN FÍOS ÁS NENAS E NENOS?: OLLO! ELAS E ELES SON MÁIS VULNERÁBEIS

Neste Nadal, a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), coordinación galega da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM), lembra a nais e pais das alertas científicas e de distintas institucións europeas e internacionais sobre os riscos potenciais para a saúde das nosas fillas e fillos no uso de dispositivos sen fíos que emiten campos electromagnéticos (CEM) de radiofrecuencias (RF): teléfonos móbiles, teléfonos sen fíos, interfonos para a vixilancia dos bebés, dispositivos con Wi-Fi (tablets, smartphones), xogos e xoguetes con conexión sen fíos, etc.



Unha ampla **bibliografía médica de miles de estudos** describe efectos a curto prazo (déficit de atención, hiperactividade, irritabilidade, problemas de concentración e memoria, prurito, molestias oculares, dermatite, dores musculares, cefalea, insomnio, ...) e en exposición crónica (electrohipersensibilidade – EHS-, síndrome de fatiga crónica, depresión, fibromialxia, arritmias, problemas cardíacos, epilepsia, autismo, Alzheimer, Párkinson, infertilidade, problemas hormonais, leucemia e outros cancros, ...) dentro dos límites legais de exposición aos CEM. **Numerosos chamamentos** médicos e científicos no ámbito internacional consideran que hai evidencia suficiente para aplicar o Principio de Precaución, rebaixando os límites de exposición aos CEM en base aos efectos biolóxicos coñecidos e minimizando a súa exposición, especialmente na poboación infantoxuvenil, como no **Chamamento Internacional (2015)** á OMS e á ONU asinado por máis de 220 científicos de 41 estados, investigadores expertos en bioelectromagnetismo e implicados no estudo dos efectos biolóxicos e médicos dos CEM non ionizantes.

Si a **Axencia Internacional de investigación do Cancro -IARC-** da OMS clasificou os CEM como **posíbeis canceríxenos (ás moi baixas frecuencias en 2001 e as RF –Wi-Fi, telefonía móbil,...- en 2011)**, e o seu director deu consellos proteccionistas sobre o uso do teléfono móbil, **o grupo de traballo Biolnitiative presentou en 2012, 2014 e 2016 estudos que os clasificarían como canceríxeno coñecido**, do mesmo xeito que o tabaco ou o amianto, segundo os parámetros do IARC/OMS. Nesta liña unha sentenza xudicial xa recoñeceu o nexo de causalidade tumor cerebral/móbil (Italia, 2012) e unha tele-operadora optou por compensar economicamente ante unha demanda similar (Israel, 2013).

**A Resolución 1815/2011 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa –APCE-** [na liña defendida pola **Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA)** dende 2007 e no **Ditame sobre EHS da Sección TEN do Comité Económico y Social Europeo** (xaneiro 2015), e ampliando as recomendacións proteccionistas da **Resolución do Parlamento Europeo de 2009**] solicita aos seus estados membros **“Tomar tódalas medidas razoables para reducir a exposición aos campos electromagnéticos, especialmente ás radiofrecuencias emitidas por teléfonos móbiles, e en particular a exposición na infancia e mocidade”**. Medidas como:

- **“Informar sobre os riscos potenciais** para a saúde dos teléfonos sen fíos DECT, os babyphones e outros aparatos eléctricos que emiten continuamente microondas pulsadas... e recomendar o uso de teléfonos con cable nos fogares, ou no seu defecto, modelos que non emitan permanentemente ondas pulsadas”.
- **“Campañas de información dirixidas ao profesorado, nais e pais e o alumnado** para advertirles dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado e prolongado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos sen fíos”, primando para nenas e nenos en xeral **centros de ensino libres de contaminación electromagnética (Wi-Fi, teléfono móbil)**, con **“conexión a internet por cable”**.



# asociación pola defensa da ría

**Nalgúns estados xa recomentan** algunhas formas de minimizar a exposición (especialmente en cativos e cativos) por parte de **axencias sanitarias** (Alemaña, Australia, Austria, Bélxica, Finlandia, Francia, India, Grecia, Reino Unido, Rusia, Suíza,... así como a propia **AEMA**) e **asociacións profesionais** [de medicina ambiental **a nivel europeo** e de estados como **Austria, Alemaña, Francia, EE.UU, Irlanda, Italia, Macedonia, Reino Unido, Suíza**,...]; colexios profesionais de biólogos como o de **Galicia**, de médicos como o de **Viena** e o de **Austria**, de pediatras como o de **Alemaña** e o de **EEUU**; **médicos por escolas saudábeis**; ... Ao mesmo tempo algunhas lexislacións de estados europeos xa contemplan **limitacións/prohibición do uso do Wifi** no ámbito educativo e na **comercialización** e **publicidade** de dispositivos sen fíos para os máis cativos., ou desmantelamento das redes WIFI municipais (como nas gardarías de **Hospitalet**) a favor do cable.

Dende a APDR co-impulsamos o **MANIFESTO EUROPEO por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos (CEM) que protexa realmente a saúde pública, asinado na actualidade** por científicos, investigadores e expertos, así como colexios e asociacións profesionais, e representantes de organizacións da sociedade civil procedentes de 26 estados.

Pontevedra 20 de decembro de 2016

O equipo da Xunta directiva da APDR

**Centros de ensino saudábeis = Centros libres ...**

		
<b>... do Fume do tabaco</b>	<b>... da Comida lixo</b>	<b>... da Electropolución:</b>
<b>Leis 28/2005 e 42/2010</b>	<b>Lei 17/2011</b>	<b>Cando ? ? ? ? ? ? ? ?</b>

"Existen numerosos exemplos no pasado que por non utilizar o principio de precaución, conduciron a serios prexuízos, e a miúdo irreversíbeis, sobre a saúde e sobre o medio ambiente. Adoptar agora medidas apropiadas e proporcionadas para evitar as ameazas verosímiles e potencialmente graves para a saúde derivadas dos **campos electromagnéticos** considerariase posiblemente como prudente e sabio desde perspectivas futuras. Debemos lembrar que a precaución é un dos principios da política medioambiental da Unión Europea". Declaración da Profesora Jacqueline McGlade, Directora executiva da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) 2003-2013 (AEMA 2007).